

LIÑAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR



Curso 2012 - 2013

CEIP “O CANTEL”

Foz

Animar a ler..... tamén poesía

No vindeiro curso propoñemos traballar a poesía. Observamos que o alumnado mostra pouco interese pola lectura de libros de poemas; aínda que na aula mostran entusiasmo por ler poemas cando os escoitan nunha audición, unha lectura por parte do mestre/a ou dun compañeiro ou compañeira, na que se fai especial énfase no ritmo, na rima, na musicalidade...

Partindo desta observación e tendo en conta que dende que nacen os nenos e nenas escoitan nanas, xogos de mans, rimas sinxelas..., cos que van descubrindo o mundo, dan nome ás cousas... **animámonos a ler e facer poesía** porque o ritmo, a rima, a musicalidade das palabras, o sentimento...son algunhas das pequenas pezas que compoñen un verso e con elas o alumnado pode xogar.

1. Actividades en relación coa organización e xestión:

- **Espazo físico da biblioteca escolar, equipamento:** Crearemos o **recuncho da poesía**. Gustaríanos adquirir al menos **outro ordenador**.
- **Actuacións para a centralización dos fondos documentais, organización.** Seguiremos a catalogar e rexistrar co **Programa de Xestión Proxecto Meiga**.
- **Préstamo de libros.** O **registro** farase de xeito **informático** e valerémonos nos recreos de comedor da axuda de **bibliotecari@s** de 6º curso.
- **Orzamento anual específico para a Biblioteca:** O colexio destinará a BE 300 € pero somos sabedores que o Director consente que o Centro se faga cargo daqueles gastos que non se podan sufragar co obtido no programa PLAMBE de sernos concedido.
- **Horario** de apertura da BE coincide co horario lectivo, de 9:30 a 16 h. Loitaremos para que os/as componentes do equipo teñan como mínimo unha hora en horario lectivo para organizar e dinamizar a Biblioteca.
- **Organización do profesorado:** Na sala de mestres, hai un horario onde os titores poden reservar unha hora fixa á semana para acceder á **BE** e realizar actividades organizadas e/ou dirixidas por eles mesmos.
- **Reunións:** Equipo de BE reunírase en horario non lectivo, como mínimo unha vez ao mes.

2. Dinamización e promoción dos recursos da BE, integración do currículo e contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

O proxecto lector é un documento estreitamente relacionado con todas as competencias básicas do currículo, porque promove: o desenvolvemento da lectura comprensiva de xeito progresivo e continuado desde E. Infantil ata finais E. Primaria; o fomento da lectura empregando todo tipo de textos e soportes; a educación en información, empregando recursos impresos e as TICs. Ao realizarse as actividades recollidas no plan anual, desenvólvense as actividades integradas en todas as áreas do currículo, coa finalidade de garantir a capacitación do alumnado nas competencias básicas, especialmente na competencia lingüística, na dixital, na cultural e artística e na de aprender a aprender.

3. Actividades relacionadas coa formación de usuarios e educación para o acceso á información.

- ✓ Visita a **Biblioteca Pública** @s alumn@s de Edc. Infantil e 1º ciclo de Primaria.
- ✓ Visita ao taller dun xornal e a unha librería o 2º e o 3º ciclo de E. Primaria.
- ✓ Elaborar marcapáxinas, puntos lectores... nos días de conmemoracións especiais.
- ✓ Elaborar e publicar guías de lectura de recomendacións lectoctras por idades.

4. Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do P.L.

1. Libro da tradición: Facer un pequeno libro para a biblioteca de aula con este tipo de textos. Pedirlles ós alumnos e alumnas que fagan un traballo de investigación, que pregunten os seus familiares sobre cancións de corro, cantigas de berce, ringleiras (retahílas), cantigas populares de tradición oral da bisbarra... Todo este material organizado, permitiranos crear o noso *Libro da tradición*. Unha vez rematados os libros (un por curso) pódese facer unha exposición na BE.

2. A poesía de autor: Tomando como fonte de inspiración a tradición oral, moitos poetas escriben poesía infantil. Para coñecelos montaemosr unha exposición bibliográfica que teña como obxectivo que a poesía nas nosas aulas e que o libro sexa un elemento motivador para despertar o interese dos nenos e nenas por este xénero literario. Habilitaremos un espacio na BE para unha exposición. Pode ser decorada con obxectos ou ilustracións feitos polo alumnado.

3. Lemos poesía: Seleccionamos unha serie de poemas e facemos diversas actividades:

- Lectura de poemas por parte do mestre; debemos de tratar de transmitir, sin dramatizar, todo o sentimento e xogo do texto.
- Memorización de algún dos poemas por medio da repetición.
- Lectura de poemas por parte do alumnado.
- A lectura de distintas maneiras: rindo, chorando, con enfado,...
- Gravar as lecturas e logo escoitarse, é moi importante e divertido.

4. A pelota poética: Situados todos os membros da clase en círculo, iremos tirando a pelota e, á vez, cada persoa que ten que lanzala dirá algún dos versos que máis lle guste dos poemas que se leron ou recitaron. Pódense anotar todos os versos que se van dicindo e teremos un poema novo creado.

5. Acróstico: Partindo da palabra poesía facer unha ilustración.

6. Recreación plástica poética: O alumnado fai un debuxo do poema que desexen. Deberán ler a poesía e representala nun debuxo. Logo faise unha exposición de todos os debuxos e tratarán de adiviñar que poemas representan.

7. Escribimos como... Fixarse no esqueleto dun poema, serve para crear outros seguindo o mesmo esquema.

8. Voando polas palabras: Con axuda de papel continuo azul representamos o ceo. Nese ceo, os nenos irán colocando as poesías previamente escritas sobre

papeis que poden ter diversas formas: nubes, estrelas, lúas (elementos que podemos atopar no ceo). Cando o ceo está cheo de poesías, procurando de non repetir ningunha, podemos recollelas e construír un libro para a nosa BE.

5. Outras actuacións.

- ✓ **Elaboración dun boletín informativo** con noticias, novidades... da BE, que as familias se informen e valoren a importancia da lectura.
- ✓ **Regalo dun retrato lector.** Regalar a cada neno e nena de 6º de Primaria unha foto na que estea lendo; con algún texto que faga referencia á lectura, para que lles quede de recordo e sexa un estímulo permanente pola lectura.
- ✓ **Exposición de textos de personaxes populares animando a ler.** Mandaremos cartas a diversos personaxes populares do noso Concello, solicitando un pequeno texto de apoio á lectura e unha foto dedicada. Logo faremos unha exposición, para sensibilizarnos dos beneficios da lectura.
- ✓ **Publicacións: Revista Escolar “Trazos”** ; colgamos as actividades realizadas na nosa BE na Web www.centros.edu.xunta.es/ceipocantel

6. Criterios e procedementos de avaliación.

A **avaliación** será un proceso continuo e globalizado que servirá de seguimento do grao de cumprimento do Plan Anual, cun feedback do que sexa mellorable.

Criterios: integración da BE na vida do centro; grao de participación, implicación e disfrute da comunidade educativa; contribuír a que a BE sexa un lugar agradable para practicar a lectura de forma lúdica e informativa.

Procedementos: observación da participación da comunidade educativa nas actividades deseñadas; análise e estadística do servizo de empréstito; realización de enquisas e avaliación de forma trimestral; elaboración dunha memoria final.

7. Persoa designada como responsable/dinamizadora da BE. Equipo de apoio. Horario previsto.

EQUIPO : Ana Mª Fernández Cabado (Ed. Infantil), Mª Luisa Orol Lestegás (2º Ciclo Primaria), Mª Luisa Rouco Díaz (3º ciclo Primaria). **RESPONSABLE:** Eva Mª Barcia García (E.M. e Secretaria do Centro). O Equipo pode medrar con mestres definitivos ou non, voluntarios, quedando constancia desta decisión no claustro de adscripción ao inicio de cada curso. Todos os membros do Equipo disporán al menos dunha sesión durante o horario lectivo. O Equipo de BE réunese en horario non lectivo.

Foz, 6 de Xuño de 2012

Vº e Prace

A responsable da BE

Sr. Director

Asdo: Celestino Varela Reimondo

Asdo: Eva Mª Barcia García

